

NOVOS MERCADOS DE CONSUMO DE ALIMENTOS E METABOLISMO SOCIAL

VI CONGRESO INTERNACIONAL DE AGROECOLOXÍA

Cambiando os modelos de consumo para construír sistemas agroalimentarios sustentables

● **Que é?** A creación de novos espazos onde consumidores e produtores intercambian produtos e servizos modifica a cadea agroalimentaria, facéndoa máis curta, menos demandante de recursos enerxéticos, máis esixente de tempo para a organización e toma de decisións. Producir e consumir alimentos non son procesos illados e desconectados, como non o son a distribución de alimentos e o seu custo ambiental. Analizar ao sistema agroalimentario como unha entidade complexa require novas ferramentas para a súa avaliación que superen o monismo monetario e que permitan relacionar a dependencia da economía da biosfera e a súa relación co entramado social.

● **Quen participa?** Entidades de investigación e outros que promoven, practican ou investigan as novas formas de intercambio de produtos e servizos, facendo especial fincapé nas novas formas de avaliar o funcionamento do sistema agroalimentario mediante ferramentas biofísicas e indicadores de sustentabilidade sobre as prácticas públicas e colectivas no consumo responsable de alimentos.

● **Como participas?** Sendo parte do Congreso, enviando texto coa túa investigación ou texto coa túa experiencia.

● **Con que obxectivo?** Visibilizar e cuantificar os diferentes impactos (sociais, económicos e ambientais) que teñen os distintos modelos de intercambio de produtos e servizos, sobre todo aqueles que impulsan o desenvolvemento coa integración do medio rural e das comunidades locais en novas cadeas agroalimentarias en base a estratexias agroecolóxicas.

● **Palabras clave.** Novos mercados; metabolismo social; bioeconomía; alimentos kilométricos

● **Quen coordina?** David P. Neria. Universidad de León.

Contacto da Coordinación do GT:

dpern@unileon.es



O VI Congreso Internacional de Agroecoloxía, con motivo do décimo aniversario do inicio desta actividade científica, queremos que supoña un punto de inflexión no seu desenvolvemento. Sendo importante a tecnoloxía innovadora para producir alimentos, o centro da nosa atención deben ser as **persoas**, as **comunidades** que comparten e as **institucións** das que forman parte para construírmos de xeito inmediato novos sistemas agroalimentarios: os cambios sociais son máis espontáneos que os tecnolóxicos, e as decisións políticas son urxentes, cada vez máis. Non podemos seguir agardando a cambios tecnolóxicos salvadores: é urxente tomar as decisións sociais, introducir cambios institucionais e políticos para solucionar problemas económicos, sociais e ambientais.

O VI Congreso Internacional de Agroecoloxía é unha chamada a científicxs, movementos sociais, empresas, persoas e comunidades para compartir os procesos de innovación social, política e institucional nos que esas entidades están inseridos. Eses procesos innovadores servirán para construírmos novos sistemas agroalimentarios que respondan adecuadamente aos problemas impostergábeis do cambio climático e da fame.

MÁIS INFORMACIÓN

Secretaría do Congreso

Teléfono: 986.812.506

Enderezo electrónico: agroecoloxia2016@uvigo.es

Páxina web: <http://webs.uvigo.es/economiaecologica/>

Organiza:



Patrocinan:



Fundación Juana de Vega

Universidade de Vigo

Colabora:

